

RESOLUCIÓN DO CONSELLO REITOR DO 11 DE DECEMBRO DE 2007: ADXUDICACIÓN DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SÚA MODALIDADE “B”: AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN

1.- Modalidade B-1 (Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SO-LICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUC.
TROMPICALLO, S.C.	2689	3.580 €	2.116 €	Distribución do espectáculo “Bolboreta”
CULTUR@CTIVA, Soc. C. G.	2802	600 €	500 €	Auditorio Munic. “El Sauzal”, en Tenerife
TEATRO ALLA SCALA 1:5, S.L.	2856	1.399,20 €	1.039,20 €	Xira do espectáculo “De fábula” en Asturias (II)
MATARILE TEATRO, S.L.	2879	4.520 €	2.813 €	Distribución do espectáculo “Truenos & Misterios”
Cía. Teatral NOVE-DOUS, S.L.	2933	1.240 €	740 €	Asist. Festival “Encuentro de Teatro” , en Asturias
SARABELA, S.L.	2961	3.638 €	2.468 €	“Margar no Pazo do Tempo”
BURATINI TEATRO (Pablo Suárez Méndez)	2969	707,20 €	547,20 €	Festival Int. de Marionetas “TITIRIJAI-07” , en Tolosa
KUKAS PROD. ARTÍSTICAS, S.L.*	3005	1.400 €	0 €	Distribución do espectáculo “A Doncela Guerreira”
TÍTERES CACHIRULO, S.L.L.	3030	1.200 €	1.200 €	Festival Int. “ENTRE NOUS” , en Nevers (Francia)
ENCENA PRODUCCIÓN, S.L. (TEATRO ARTE-LIVRE) **	609 (resolta)	49.320 €	8.027,52 €	Actuacións no Teatro “Bambalinas” , de B. Aires

* **EXCLUÍDA** con base no incumprimento do fin esencial para o que se aprobou a convocatoria de axudas ao sector escénico e musical, dado que as actuacións da compañía non xeraron gastos de aloxamento, viaxe, transporte ou doutra natureza, por ser todos eles asumidos e custeados pola entidade organizadora, ben no caché mesmo ou ben sufragando directamente os custes derivados.

** Para a satisfacción da cantidade asignada á Cía. de Teatro **ENCENA PRODUCCIÓN, S.L. (“Cía. de Teatro Arte-Livre”)** con destino á súa xira por Sudamérica, deberá aportar xunto con toda a xustificación de gastos xerados, as follas de taquilla ou documento equivalente que acredite a asistencia de público ás funcións concertadas e levadas a efecto pola indicada compañía teatral.

2.- Modalidade B-2 (Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUC.
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	2801	815,58 €	815,58 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
NORDESÍA PRODUCCIÓN, S.L.	2812	7003,21 €	1.900 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
OUVIRMOS, S.L.*	2888	726,62 €	0 €	Asistencia ao Fest. musical "WOMEX-2007"
NALGURES PRODUCCIÓN, S.L.	2918	2.500 €	690 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
NALGURES PRODUCCIÓN, S.L.**	2917	3.500 €	0 €	Concerto de Emilio Rúa no "MIDEM-2008"
NALGURES PRODUCCIÓN, S.L.**	2919	12.000 €	0 €	XX Aniversario da "Casa Galega" , en Hospitalet
AKARON FILMS, S.L.***	2920	50.000 €	0 €	Xira do grupo "Los Amados" por Galicia
IABADABADÚ FESTICULTORES, S.L.	2934	1.670 €	660,60 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
LONXA CULTURAL, S.L.	2972	113,50 €	113,50 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
BERROGÜETTO PRODUCCIÓN, SL	3125	1.634,03 €	620,42 €	Asistencia ao Festival "POPKOMM-2007"
BERROGÜETTO PRODUCCIÓN, SL	3126	1.809,98 €	905,99 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE, P.M.	3174	3.639,07 €	1.300 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE, P.M.	3175	4.932,13 €	1.500 €	Asistencia ao Festival "POPKOMM-2007"
ABADA XEST. CULTURAL, SL****	3294	331,01 €	0 €	Asistencia ao Festival "POPKOMM-2007"
ABADA XEST. CULTURAL, SL****	3295	1.545,44 €	0 €	Asistencia ao Festival "WOMEX-2007"

* EXCLUÍDA por incumprimento dun dos requisitos xerais previstos na convocatoria de axudas, Base 7ª, epígrafe 1.2º, do Capítulo III (non presentar toda a documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento remitido á solicitante de subvención).

** EXCLUÍDOS os dous proxectos por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade B-2, por non realizar a actividade obxecto de solicitude dentro do ano natural (até o 15 de decembro de 2007, como data límite), consonte co previsto na Base 7ª epígrafe b) do Capítulo VI.

*** EXCLUÍDA por incumprimento dos requisitos básicos específicos da modalidade B-2, recollidos nos apartados 1º e 2º.b) do capítulo VI da presente convocatoria de axudas (non ser unha distribución dun espectáculo musical, realizado propiamente fóra da Comunidade Autónoma galega; así como non someterse ao requisito de distribuír o espectáculo en feiras e outras plataformas de exhibición musical).

**** EXCLUÍDAS por presentar as solicitudes de axuda **FÓRA DE PRAZO**, consonte co establecido na Base QUINTA, en relación co prazo específico establecido na Base 7ª, epígrafe a) do Capítulo VI da presente convocatoria de axudas.

Lémbrese ás entidades adxudicatarias dunha subvención á modalidade “**B-2**”, que deberán xustificar (para o cobramento da axuda concedida) o 100% dos gastos efectivamente realizados, dado que **a subvención concedida cubre ate o 60%, como máximo, do período de distribución obxecto da subvención.**

Esta resolución de concesión de axudas é definitiva na vía administrativa, consonte co disposto no art. 10.1 do Decreto 287/2000, e contra ela caberá interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de **dous meses**, a contar dende o día seguinte á data da súa notificación e previa comunicación ao órgano que ditou o acto, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Porén, esta resolución poderá ser tamén recorrida potestativamente en reposición, **no prazo dun mes** dende o día seguinte ao da súa notificación e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos arts. 116, 117 e demais concordantes da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; todo isto de conformidade co establecido no apartado 4º da Cláusula NOVENA da presente convocatoria de axudas.

Así mesmo, e consonte co establecido na Cláusula DÉCIMO SEGUNDA, epígrafe 1.1º, os beneficiarios destas axudas terán a obriga de comunicar ao **IGAEM** a súa aceptación por escrito no prazo máximo de **30 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da recepción efectiva da notificación da concesión.

No suposto de non comunicarse esta aceptación, entenderase que o beneficiario renuncia a esta axuda e perderá todo dereito á súa percepción.